

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do día **VINTETRÉS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1^o.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 16-02-12.-

1^o.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 16-02-12.-

Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 16 de febreiro de 2012.

A Sra. Alcaldesa dí que se aproba por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar a acta da Xunta de Goberno Local que se detalla:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 16 de febreiro de 2012.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4^o e 113 do RD 2568/88 R. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na



sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

1.- Escritos de Espina & Delfín S.L.

1.1.- Dase conta do escrito de data 01 de febreiro de 2012, Rexistro de Entrada nº 779, de data 20 de febreiro de 2012, remitindo relación de **solicitudes de abastecemento e saneamento** correspondentes ós meses de decembro de 2011 e xaneiro de 2012 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
------------------------------	----------

Decembro 2011 (Listado Nº 12)

Asoc. Veciños Vilar de Trasdeza	Lg. Cabodevila, s/n - Vilar
Eiriz Valladares Jesús	Lg. Carballeda, 1 - Taboada

Xaneiro 2012 (Listado Nº 1)

Fernández Torreiro Andrés	Trav República Arxentina, s/n-4G - Silleda
Rozas Suárez María Elena	R/ María Colmeiro, 50-2 - Silleda
Pampín Asorey Ana Belén	R/ Do Parque, 20 Bj - Bandeira
Gurutzealde Indacoechea M ^a Victoria	R/ Da Empanada, 5-3F - Bandeira
Gurutzealde Indacoechea M ^a Victoria	R/ Lorás, 15-3C - Bandeira
Rodríguez Fernández Hugo	R/ Trasdeza, 33-2A - Silleda
Framiñán Sánchez Raúl	Lg Eirexe, 17 - Taboada
Com. Propiet. Edificio Reydo I	R/ Lourás, 15 Bj - Bandeira
Barros Meijome Manuel	Avda do Parque 50 Bj - Silleda
Rey Rozados José Ramón	R/ Antón Alonso Ríos, 26-4A -Silleda
Rey Sánchez José Antonio	R/ Antón Alonso Ríos, 26-4B -Silleda
Lorenzo Hermida Manuel	R/ Outeiro, 9-1 - Silleda
Lorenzo Hermida Manuel	R/ Outeiro, 9-2 - Silleda
Lorenzo Hermida Manuel	R/ Outeiro, 9-3 - Silleda





Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Fernández Villanueva José	R/ República Arxentina, 20-2A - Silleda

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

1.2.- Dase conta do escrito de data 15 de febreiro de 2012, (Rexistro de Entrada nº 778, de data 20 de febreiro de 2012), remitindo **relación das actuacións de limpeza de sumideiros** durante o segundo semestre do ano 2011.

A Xunta de Goberno Local, queda enterda e por unanimidade acorda dar traslado deste escrito o Fontanero Municipal para que informe sobre o mesmo.

1.3.- Dase conta do escrito de data 01 de febreiro de 2012, (Rexistro de Entrada nº 672, de data 13 de febreiro de 2012), remitindo **relación de abonados do servizo municipal de augas** que atópanse con recibos pendentes de pago, correspondentes dende o 1º trimestre 2011 ao 3º trimestre 2011.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.- Escritos de Explotación Minera de Campomarzo S.A.


2.1.- Dase conta do escrito de data 19 de xaneiro de 2012, (Rexistro de Entrada nº 277 de data 20 de xaneiro de 2012), remitindo **rexistro de medicións e programa de control e vixancia do vertedoiro** correspondente ó ano 2011.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2.2.- Dase conta do escrito de data 20 de xaneiro de 2012, Rexistro de Entrada nº 278 de data 20 de xaneiro de 2012, remitindo **informe mensual de residuos depositados** correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2011.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

(Incorpórase á sesión a Interventora do Concello.)



3.- Proposta da Alcaldía de data 23 de febreiro de 2012. Compra terreo e casa.

Vista a proposta da Alcaldía efectuada a Xunta de Goberno Local e de conformidade con ela, a Xunta de Goberno Local, por delegación da alcaldesa (04-07-11) por unanimidade dos presentes acorda:

Visto que no núcleo de Taboada Vella (Taboada) existe unha vivenda que provoca un estreitamento da pista municipal o provoca dificultades no tránsito diario dos veciños.

Visto que o Concello de Silleda necesita mampostería granítica para as súas obras.

Visto que no informe de data de 14 de febreiro de 2012 de Manuel Lino Doporto di que o prezo completo da propiedade é de 6.701,93 euros e que deste importe o valor da pedra acada a práctica totalidade do valor da propiedade.

Visto que segundo o informe de data 23 de febreiro de 2012 de Manuel Lino Doporto Framil a vivenda podería declararse en estado ruinoso.

Visto que dita edificación coa súa finca pertence a José Luis Pérez Lamas por compra venda realizada o 25 de agosto de 1997 e rexistrada en Lalín no tomo 642 libro 183 folio 50 e identificada como finca 31-590 asiento 1º.

Visto que o propietario fixo oferta en firme por importe de 6.000 euros, sendo por conta do comprador todos os gastos derivados da adxudicación notarial rexistral e impostos.

A Xunta de Goberno Local, acorda: a compra venda da parcela 31-590 e a edificación existente sobre a mesma por o precio total de 6.000 euros.

4.- Convenio entre Concello de Silleda e Hidroeléctrica de Silleda para cancelación de deuda, de data 02 de febreiro de 2012.

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta dase conta do seguinte convenio asinado entre o Concello de Silleda e Hidroeléctrica de Silleda para cancelación de deuda, de data 02 de febreiro de 2012.





"CONVENIO ENTRE CONCELLO DE SILLEDA E HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA PARA CANCELACIÓN DE DEUDA.

En Silleda, a día 02 de Febreiro de 2012.

De unha parte, **Dona Cristina Sánchez Conde**, con D.N.I. n° xxx, e **Dona Patricia Sánchez Conde** con D.N.I. xxx que actúan en nome e representación da entidade "HIDROELECTRICA DE SILLEDA, S.L.", con C.I.F. n° B-81.997.439, e domicilio a efectos de notificacións na Avda. do Parque, n° 11 baixo, C.P. 36.540 -Silleda (Pontevedra).

De outra parte, **Dona Paula Fernández Pena**, con D.N.I. n° xxx, na súa condición de Alcadesa do CONCELLO DE SILLEDA, con C.I.F. P-3605200-I, e domicilio na rúa Trasdeza, n° 55, C.P. 36.540 - Silleda (Pontevedra).

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan.


MANIFESTAN:

1°.- Que con fecha 18 de febreiro de 2008 firmouse convenio polo que se recoñecía a existencia de unha débeda por parte do Concello de Silleda coa empresa Hidroeléctrica de Silleda, S.L. por un importe total de 143.518,56 €. Acórdase realizar o pago de esta débeda mediante a súa compensación coas taxas de aproveitamentos especiais dos anos 2008 e 2009 conveniando que a cantidade resultante, 50.080,64 € se pagaría en 24 prazos mensuais. De este acordo queda pendente de pago a cantidade de 12.280,64 € correspondente as últimas 4 cuotas.

2°.- Igualmente, en febreiro de 2008 acordouse que o Concello de Silleda pagaría no prazo establecido por lei tódolos consumos que se foran producindo dende a firma de dito convenio, e que se estaban pasando por facturacións bimensuais.

3°.- No mesmo convenio compénsanse os importes de ICIO e arrendamento por utilización dos postes para o sustento de alumeadado público dos periodos 2006 e 2007, condonando Hidroeléctrica a diferenza que ascende a 36.065,88 euros e comprometéndose ambas partes a realizar ao final de cada ano a compensación entre o ICIO e o coste de utilización dos postes, manténdose para elo o importe conveniado en 0,90 €/mes/poste, precio que xa aparecía no anterior convenio do ano 2007.

4°.- No ano 2008 o Concello de Silleda adeudaba en concepto de intereses de demora sobre a débeda recoñecida por ambas partes un importe de 32.127,26 euros.



Así como facturas dos exercicios 2002 e 2003, que requerirían un recoñecemento extraxudicial de débeda por importe de 1.145,63 €. Acordándose que Hidroeléctrica de Silleda condonaría os intereses de demora liquidados, así como as cantidades pendentes de pago dos exercicios 2002 e 2003, supeditando dita condonación o cumprimento punto por punto dos acordos establecidos nese convenio.

5º.- Que o 3 de abril de 2009 firmouse unha adenda ó convenio antes referido de 18 de febreiro de 2008, pola que se recoñeceu a maiores polo Concello unha débeda con Hidroeléctrica de Silleda por importe de 105.855,45 €, como consecuencia da construción da Galescola de Silleda, que obrigou o traslado do CT GRUPO ESCOLAR, acordándose que se faría o pago de dita suma con cargo ó presuposto do exercicio seguinte, é dicir, do exercicio 2010, e do mesmo xeito recollido no convenio inicial.

6º.- Que o Concello de Silleda adeuda a día de hoxe, ademáis, o importe correspondente á utilización dos postes nos anos 2008, 2009, e 2010, por un importe total de 36.579,60 € (12.193,20 € cada ano).


7º.- Polo tanto, o Concello de Silleda adeuda a Hidroeléctrica de Silleda, S.L., a suma de **CENTO CINCUENTA E SEIS SESENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E NOVE CENTIMOS DE EURO (156.064,89€)**, excluindo consumos de enerxía eléctrica, desglosado como sigue:

DEUDA ACORDO 2008 (2700 € aprox mes)	12.280,94
---------------------------------------	-----------

CONTRATO 3/P-2008 -Alta Urb.lazara nº4 bajo	313,50
CONTRATO 201/P -2011 - Alta centro social bandeira	309,07
fra. SE-51/08- Rep.toma tierra en Bandeira	726,63
TOTAL CONTRATOS Y PEQUEÑAS FACTURAS	1.349,20

FRA. GALESCOLA	105.855,45
----------------	------------

POSTES 2008-2009-2010	36.579,60
-----------------------	-----------





TOTAL	156.064,89
--------------	-------------------

8º.- Por outra banda Hidroeléctrica de Silleda, S.L. adeuda o Concello de Silleda a suma de **CENTO TRINTA E CINCO MIL DOUSCENTOS VINTESEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CENTIMOS DE EURO (135.226,42 E)**, desglosado como sigue:

TASA 1,5% AÑO 2010	50.001,39
TASA 1,5% AÑO 2011	56.588,74
ICIO 2008-2009-2010-2011	28.636,29

TOTAL	135.226,42
--------------	-------------------

9º.- En consecuencia, a día de hoxe, Hidroeléctrica de Silleda, S.L. ten un saldo o seu favor fronte o Concello de Silleda por importe de **VINTE MIL OITOCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON CORENTA E SETE CENTIMOS DE EURO (20.838,47 €)**.

En atención ós antecedentes anteriores,

ACORDAN:

1º.- *Compensar administrativamente as cantidades reflexadas neste convenio antes do 15 de Febreiro de 2012 salvo o saldo a favor de Hidroeléctrica fronte ao concello recollido no punto 9 que se compensará coa tasa que se devengue no ano 2012.*

Será no momento no que se compense este último saldo cando queden totalmente saldadas as contas entre ambas entidades, coa excepción do que resulte dos consumos de enerxía realizados polo Concello, que quedan fora do presente acordo.

2º.- *Hidroeléctrica de Silleda, S.L. permitirá seguir usando os seus postes para apoio de líneas e de luminarias de alumbrado público do concello como ven facendo en base a acordos históricos tendo en conta as seguintes consideracións:*

1.- *Cando se realicen modificacións en RBT, donde existan colocados luminarias ou líneas do Concello, éste as retirará ou traspasará aos novos postes nun prazo máximo de 3 meses tra-la comunicación por parte de Hidroeléctrica de Silleda da finalización da mesma, co fin de poder retirar os postes usados por parte de la empresa distribuidora e non contribuir ao*



feísmo urbanístico. En caso de non atender a dito requerimento en prazo, Hidroeléctrica de Silleda quedará expresamente autorizada a levar a cabo ditos traballos e a remitirllle ó Concello o coste dos mesmos para o seu abono.

2.- O Concello limpará como mínimo unha vez ao ano os parques e espazos públicos donde existan líneas de Hidroeléctrica de Silleda, co fin de manter en condicións certos parques e xardíns, dacordo coa relación seguinte:

- *Parque das Pedrosas. Silleda*
- *Plaza da Feira. Bandeira*
- *Zona Colexio público. Bandeira*
- *Avda Recinto Ferial. Silleda*

E en xeral en todos aqueles espazos públicos de titularidade municipal situados nos núcleos urbanos e rurais.

3.- O Concello de Silleda recoñece o uso exclusivo das canalizacións das que ven facendo uso total ou parcialmente nos cascos urbanos de Silleda e Bandeira a Hidroeléctrica de Silleda, S.L.

4.- Nas rúas de nova apertura, así como nas obras de reforma das existentes, o Concello deixará instalada unha canalización para o uso exclusivo de Hidroeléctrica, aboando a compañía eléctrica os tubos, tapas de arquetas e cinta de sinalización necesarios.

En caso de incumplimento de algún dos puntos anteriores valoraras e de novo a posibilidade de cobrar o uso dos postes mencionados no punto 1 a razón de 0,90 €/poste e mes.

De conformidade co exposto, ambas as partes, asinan o presente acordo, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

CONCELLO DE SILLEDA (asinado) HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA (asinado)''

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

5.- Denuncia SEPRONA. Vehículos abandonados.

Vista a Acta-denuncia/inspección nº 2012-101219-00000026, remitida pola Patrulla do Seprona de Lalín, Rexistro de Entrada nº 702, de data 15 de febreiro de 2012, por abandono de vehículos constituindo un residuo.





Vista a proposta da Alcaldía de 20 de febreiro de 2012 e segundo o seu contido e a citada acta do SEPRONA a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía (decreto 04-07-11) por unanimidade dos presentes acorda:

Vista a denuncia da Patrulla do Servizo de Protección da Natureza (Seprona) da Compañía da Garda Civil de Lalín, Rexistro de Entrada nº 702 de data 15 de febreiro de 2012, contra Víctor Villamil Fondevila, na que se da conta de dous turismo en evidente estado de abandono, sen número de matrícula nin de bastidor, no lugar de Negreiriños, na parroquia de Negreiros, silleda.

Visto que o Concello de Silleda figura na citada denuncia como organismo competente ao que se remite a acta da denuncia.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Dar traslado á empresa denunciada da citada acta do Seprona, informándolles que se non se producira a retirada do vehículo depositado nun prazo de 15 días, contado a partir da correspondente notificación, poderían enfrontarse a unha sanción administrativa tipificada como grave ou moi grave na Ordenanza municipal de convivencia de residuos, limpeza viaria o ornato do Concello de Silleda, coas correspondentes sancións económicas.

6.- Servizo de Axuda a Domicilio. Modalidade dependencia.

Pola Sra. Alcadesa-Presidenta dase conta de que hai informes municipais de servizos sociais e de conformidade con eles propón verbalmente iniciar expediente de contratación para prestación do servizo de Axuda a Domicilio (modalidade dependencia).

Pásase á votación ordinaria do asunto dirixida pola Alcadesa deste xeito e con este resultado:

- Votos a favor : catro (4): catro concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE
- Abstencións : unha (1) : un concelleiro do grupo mixto (Matías Rodríguez).

Resulta aprobado por maioría simple dos presentes.

A **Xunta de Goberno** por maioría simple dos presentes e de conformidade coa delegación de competencias otorgada por decreto de Alcaldía de data 4 de maio de 2011, **acorda** prestar aprobación a proposta verbal da Alcadesa para iniciar expediente de contratación para prestación do servizo de Axuda a Domicilio (modalidade dependencia).



7.-Proposta do Concelleiro de Cultura: 24 de febreiro. Día de Rosalía no noso Concello.

Dase conta do escrito asinado por este concelleiro que se transcribe:

“Matias Rodríguez da Torre, concelleiro de Cultura do Concello de Silleda

Expón:

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada palas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nasa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo o exposto é polo que se propón que a Xunta de Goberno Local:

- 1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.*
- 2. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora*
- 3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do Concello.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, por delegación da alcaldes (decreto 04-07-11), acorda aprobala proposta do Concelleiro de Cultura, Matias Rodríguez da Torre, e:

1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.





2. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora
3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do Concello.

8.- Aprobación certificación de obra e factura.

Dase conta pola Sra. Alcaldesa-Presidenta da certificación nº Dous, de data 31 de xaneiro de 2012 e polo importe de 26.402,71 €, da obra "MELLORA DE RÚAS: MORÓN, ALFONSO TRABAZO E BRAÑA DO MEDIO NO NÚCLEO URBÁN DE SILLEDA E A RÚA PARQUE NO NÚCLEO URBÁN DE BANDEIRA ASI COMO A PEATONALIZACIÓN DA RÚA CARTAGENA.", executada por TRANSPORTE Y MAQUINARIA, C.P., S.L, e factura correspondente.

A Xunta de Goberno Local dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Dous da obra "MELLORA DE RÚAS: MORÓN, ALFONSO TRABAZO E BRAÑA DO MEDIO NO NÚCLEO URBÁN DE SILLEDA E A RÚA PARQUE NO NÚCLEO URBÁN DE BANDEIRA ASI COMO A PEATONALIZACIÓN DA RÚA CARTAGENA.", por importe de 26.402,71 € asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal Director das Obras, Dº Lino Doporto Framil, e polo contratista "Transportes y Maquinaria C.P., S.L." (Jesús Castro Puente) en data 31 de xaneiro de 2012.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE con IVA
Fecha	Número		
31.01.12	02/12C	Transportes y Maquinaria C.P., S.L.	26.402,71 €



(A secretaria xeral e a interventora indican ós membros da Xunta de Goberno Local que tendo en conta os asuntos incluídos na propia sesión fora da orde do día, informarán o que proceda a posteriori).

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 23 de febreiro de 2012.

Vº e Prace

A Alcaldesa

Asdo. Paula Fernández Pena



Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

